

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 12 DE XUÑO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día doce de xuño deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA (Auséntase da sesión despois de tratar o punto número 10/423 da orde do día), DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbanse as actas das sesións da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 29 de maio e 5 de xuño de de 2013.

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e de licenza de obras de legalización de modificacións na nave con destino a exposición e venda por xunto de pinturas e accesorios no Parque Empresarial as Gándaras, rúa a, parcela O.4.1..

Tamén se acorda a concesión da licenza municipal de instalación e apertura dun taller de reparación de vehículos na rúa dos Artesáns, parcela 68-A.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas de obras: para instalación de ascensor no edificio con licenza número 734/61, sito na rúa das Norias, número 2; para substitución de calefacción centralizada e sistema de almacenamento en edificio con licenza de obra número 678/02, sito na estrada da Granxa, números 27-29-31 e para realizar obras complementarias para o remate da musealización no contorno da porta de Santiago da Muralla de Lugo, fase 3B.

Tamén se acorda a denegación das seguintes licenzas: de demolición de muro en edificación anexa sita en Vigo, número 6, San Miguel de Bacurín e para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela 47, polígono 420, Corneda-Pedreda.

3. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación da disolución da Xunta de Compensación da Unidade de Actuación Centro Sur-7, do PXOU de 1990.

Código Seguro de verificación: x1cB+JGcmVKd9YZ13x4g1g==. Permite a verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia	FECHA	19/06/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	x1cB+JGcmVKd9YZ13x4g1g==	PÁGINA 1/3



4. XESTIÓN.- Acórdase adiar para un mellor ustudo o escrito presentado con data do 10 de novembro de 2009, no que insta a restitución da propiedade dos terreos que foron ocupados polo Concello de Lugo para o enlace das rúas Monte Cadramón e Flor de Toxo.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a aprobación do proxecto de modificación e actualización da Ordenanza fiscal número 112, reguladora das taxas pola prestación do servizo de centro de día, da Ordenanza fiscal número 117, reguladora das taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar por parte dos servizos sociais municipais, e da Ordenanza fiscal número 120, reguladora das taxas pola prestación do servizo de comida no fogar.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para a instalación dunha estación base de telefonía móbil na rúa Serra Gañidoira, 40.

Así mesmo, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para a instalación dunha estación base de telefonía móbil na rúa Monte Faro, 15.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para a instalación dunha estación base de telefonía móbil na rúa Catedral, 9.


Do mesmo xeito, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para a instalación dunha estación base de telefonía móbil na rúa Margarida, 28.

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra a liquidación núm. 6196685 (571Bis/2013), xirada a nome da entidade mercantil en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e de imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe de 12.960,43 €, pola adaptación da planta 3ª do edificio sito na rúa Montevideo en laboratorio de saúde pública de Lugo, ao instar a bonificación da cota tributaria por tratarse de obras realizadas dentro da zona delimitada polo plan especial de protección e reforma interior (PEPRI).

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

Código Seguro de verificación: x1cB+JGcmVKd9YZ13x4g1g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia	FECHA	19/06/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	x1cB+JGcmVKd9YZ13x4g1g==	PÁGINA 2/3




x1cB+JGcmVKd9YZ13x4g1g==

- Acórdase a resolución de expediente de imposición de penalidades por incumprimento do prazo total de execución da obra a empresa de contratación das obras de rehabilitación da Ponte Vella de Lugo.

- Acórdase a aprobación da solicitude á Consellería de Traballo e Benestar da subvención para o obradoiro de emprego denominado "VRS LVCVS", para a conservación e a posta en valor do patrimonio documental histórico do Servizo de Arqueoloxía.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Doposo García.

Código Seguro de verificación:x1cB+JGcmVKd9YZ13x4g1g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	19/06/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	x1cB+JGcmVKd9YZ13x4g1g==	PÁGINA	3/3
 x1cB+JGcmVKd9YZ13x4g1g==				